


ser lingua non é fácil

Quebeque



Quebeque s. XVIII-XIX.

En 1760, o Goberno británico crea a provincia do Quebeque, que incluía 65.000 falantes de francés por 300 de inglés que son os que monopolizarán o poder executivo.

O proceso de industrialización deseña unha paisaxe onde o inglés é a lingua dos cadros dirixentes e dos patróns, portando a lingua do éxito social, en canto o francés é falado polos operarios que veñen do rural.

A minoría anglófona ten garantido o ensino na súa lingua en escolas pagas polo estado, dereito de que carece a maioría francófona cuxas escolas son acusadas de estranxeirantes e inútiles:

"...[these are] the origins of, not just a foreign language, but also of foreign customs, of foreign sentiments, and of a totally foreign people. The regime adopted in schools prevents the new generation from rising above the average intellectual level of the standard Lower Canada inhabitant." (Reproducido nun xornal de Toronto.1886)

"... son os focos non só de unha lingua estrangeira mais tamén de costumes estranxeiros, de sentimentos estranxeiros e de un pobo enteiramente estranxeiro. O rexime adoptado nas escolas impide a xoven xeración de se elevar por cima do nivel intelectual do habitante medio do Baixo Canadá."

Quebeque s. XX.

1960 - Ocorre a **Revolución Tranquila**. O Partido Liberal de Quebeque, federalista, vence nas eleccións co lema: **"Il est temps que ça change"** (É tempo para isto mudar) e asistimos a unha transformación da identidade nacional: de franco-canadenses para quebequeses.

Na esfera económica, a goberno procura aumentar o control económico da provincia polos francófonos, a cal, até entón, fora dominada por anglo-canadenses e investidores estado-unidenses.

1967 - O presidente francés De Gaulle visita o país e proclama: **«Vive Montréal! Vive le Québec! Vive le Québec... libre! Vive le Canada français et vive la France!»**. É intensamente aplaudido polas persoas asistentes e pesadamente criticado polo primeiro ministro canadiano.

1969 - A lingua francesa é igualada á lingua inglesa por todo o sistema federal de goberno, tornando o **Canadá unha nación bilingue e multicultural**.

1977 - **O francés é declarado a única lingua oficial da provincia** e en 1980 realízase un referendo para a independencia do Quebeque onde 40% dos votantes votan a favor. En 1995, o número de participantes que votan por separarse do Canadá sobe para 49,7%.

